



LIGA GALEGA DE CLUBS

REAL FEDERACIÓN GALEGA DE VELA

1. INTRODUCCIÓN

A Real Federación Galega de Vela (RFGV) co obxecto de potenciar a figura do Club como promotor de actividades e potenciador da participación das flotas de VELA LIXEIRA no ámbito autonómico, crea a LIGA GALEGA DE CLUBS (LGC)

A LIGA GALEGA DE CLUBS pretende distinguir co máximo título autonómico o mellor club galego da ou das clases establecidas.

As clases establecidas e o calendario da LGC será establecidos de forma anual no anexo I do presente documento.

2. PERIODO

A LGC terá unha duración anual, dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro. A RFGV establecerá as regatas puntuables na Liga para cada clase de forma anual, coa concepción do calendario de regatas.

3. PARTICIPACIÓN

Para participar na LGC todo club deberá estar dado de alta no rexistro de clubs da RFGV e o corrente dos pagos. Os regatistas participantes sempre deberán ter a licenza de deportista da RFGV en vigor baixo a grímpola do club o que representan.

Soamente por que algunha embarcación se atope inscrita nalgunha das regatas da LGC baixo a grímpola dun club, este quedará inscrito directamente.

4. PUNTUACIÓN

- Se establecerán 2 Ligas paralelas: unha masculina e outra feminina.
- En cada regata da LGC deberá haber unha clasificación final. De esta clasificación final se establecerá a seguinte puntuación:
 - O primeiro clasificado recibirá un número de puntos igual o número de barcos participantes na regata.
 - O segundo clasificado recibirá un número de puntos igual o número de barcos participantes na regata menos un.
 - O terceiro clasificado recibirá un número de puntos igual o número de barcos participantes na regata menos dous.
 - Así sucesivamente.
- Sumando os puntos dos 2 mellores regatistas masculinos dun mesmo club na regata da Liga, se obterán os puntos de ese club na regata en cuestión, computables na Liga masculina.



- Sumando os puntos das 2 mellores regatistas femininas dun mesmo club na regata da Liga, se obterán os puntos de ese club na regata en cuestión, computables na Liga feminina.
- Sumando os puntos conseguidos por un mesmo club, en todas as regatas da LGC se obterán as clasificacións das:
 - LIGA GALEGA DE CLUBS MASCULINA
 - LIGA GALEGA DE CLUBS FEMENINA
- O vencedor de cada unha das Ligas será o club con mais puntos.
- Para resolver os posibles empates se utilizará o apéndice A9 do RRV.
- Contra as puntuacións para a LGC recibidas dunha regata terminada non caberá reclamación.

5. TROFEOS

- O club campión da Liga masculina recibirá o trofeo correspondente na Gala da Vela do ano.
- O club campión da Liga feminina recibirá o trofeo correspondente na Gala da Vela do ano.



ANEXO I

Clases que participan na Liga Galega de Clubs: **OPTIMIST**

Calendario de regatas da liga do ano 2021:

REGATA	CLUB	DATAS	COMENTARIOS
Campionato Galego Optimist	RCN Sanxenxo	13-15 febreiro	Campionato Galego
Regata Clasificatoria de Optimist	MRCY Bayona	13 – 14 marzo	Clasificatoria
VII Trofeo Aceites Abril	RCN Vigo	17 – 18 abril	Clasificatoria
Trofeo Vithas Hospital Fátima	CM Canido	25 – 26 abril	Autonómica
Semana Galega da Vela	RFGVela	25 – 27 junio	Copa Galicia
XI Regata Ría de Ferrol	Grupo Bazán	3 – 4 julio	Autonómica
Semana Náutica	RCN Coruña	10 – 11 julio	Autonómica
XXIII Concentración Escuelas	CN Castrelo de Miño	3 – 5 setembro	Solamente escuelas de vela
Regata Rey Juan Carlos I Master El Corte Inglés	RCN Sanxenxo	11 – 12 setembro	Casificatoria
Meeting Internacional de Optimist	RCN Vigo	29 outubro – 1 novembro	Excellence Cup
VII Trofeo Aurelio Fernández Lage	RCN Coruña	27 – 28 novembro	Clasificatoria